

CARREIRA PROFESIONAL

FORMACIÓN EN ÁREAS ESPECIAIS

CCOO solicitou no ano 2024 e tamén no 2025 á Comisión de Seguemento da Carreira Profesional Ordinaria (formada polo SERGAS, CIG, CESM, CSIF, UGT e SATSE) **que se bareme en Compromiso coa Organización** (área IV) **a formación que as traballadoras do SERGAS facilitan ós/ás aspirantes das listaxes de contratación**, para que estes poidanse inscribir nas **listaxes de áreas especiais**:

Enfermeiros/as: UCI-Reanimación-Queimados, Hemodinámica-Electrofisioloxía, Radioloxía Intervencionista, UCI pediátrica, quirófano, hemodiálise, transplantes, hospital de día onco-hematolóxico, hospital de día onco-pediátrico, prematuros-neonatos, servizos de transfusión, unidades de hospitalización de transplante de precursores hematopoéticos, técnicas endoscópicas, urxencias hospitalarias e citostáticos.

Técnicos/as superior de anatomía patolóxica e citoloxía: área de citodiagnóstico.

Técnicos/as superior en imaxe para o diagnóstico: TAC e Resonancia Magnética.

Técnicos/as en coidados auxiliares de enfermaría: saúde mental, quirófano, críticos e esterilización.

Celadores/as: quirófano.

Nin no ano 2024 nin no 2025 os sindicatos firmantes queren avalar esta formación baremándoa na Carreira Profesional na área IV, na que moitas categorías teñen moita dificultade para puntuar.

Queremos denunci-lo diante das traballadoras, porque **CCOO é consciente do compromiso coa organización deste persoal, ó facer esta formación sen retribución nin mellora algunha**, senón para que cada vez teñamos profesionais máis formados, o que redunda no beneficio de todo o sistema sanitario e na atención da poboación.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

10 de setembro do 2025